

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE PARA A MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE LIBRAMENTO DAS TRANSFERENCIAS CORRENTES DE FINANCIAMENTO.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Axencia para a Xestión do Coñecemento en Saúde asinaron o 04.04.2024 o convenio arriba referido. A súa vixencia circunscríbese ao exercicio orzamentario 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o réxime que se seguirá no libramento das transferencias correntes de financiamento que realizan a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O artigo 47 Dous da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, establece que as achegas de natureza corrente deberanse librar con carácter mensual por doceavas partes, salvo que por convenio se regule outro réxime diferente de pagamento. O mesmo artigo contempla que o convenio someterase a informe da Intervención Xeral da C.A. sobre a adecuación do réxime de libramento proposto ao ritmo de execución do gasto corrente da entidade.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde participa na convocatoria de diversos proxectos europeos e de fondos do Estado, sendo os créditos destinados á realización destes proxectos de carácter finalista. Os fondos dótanse nos capítulos IV e VII da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, en función de que as actividades na axencia se imputen a gastos correntes ou de capital. No caso de que os fondos finalistas se doten no capítulo IV (transferencias correntes), os libramentos destes fondos por doceavas partes, poden ter as seguintes consecuencias:

1. Aínda no caso de que na axencia non se executen as actividades, recíbense igual os fondos finalistas.
2. Os remanentes de fondos finalistas na axencia son obxecto de incorporación ao ano seguinte; porén, na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde, de terse efectuado o libramento por doceavas partes, non hai remanentes para incorporar, producíndose un desequilibrio orzamentario ao ano seguinte.

No texto do convenio ao que se fai referencia, indícase que no orzamento de gastos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, concretamente nas aplicacións orzamentarias que recollen as transferencias correntes de financiamento á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (1201/411A/432.14 e 5001/411A e 412B/432.14), existen distintas finalidades de fondos. En concreto, a transferencia corrente de financiamento dispón de fondos propios libres da Comunidade Autónoma, fondos finalistas do Estado e outros fondos europeos.

O réxime de libramentos nas transferencias correntes de financiamento á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde realizarase por parte da Consellería de Sanidade conforme ás indicacións que se recollen a seguir:

- No caso dos importes consignados na aplicación financiadora e código de proxecto da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde correspondente a fondos propios da Comunidade Autónoma, as achegas realizaranse por doceavas partes, conforme ao establecido no artigo 47. Dous da Lei 9/2023, do 28 de decembro.

- No caso dos importes consignados na aplicación financiadora e códigos de proxecto da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde correspondente a modalidades de fondos distintos dos indicados no parágrafo anterior e que teñan o carácter de incorporables, as achegas realizaranse atendendo ao ritmo de execución do gasto destes fondos por parte da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Por todo o exposto, era necesario modificar o réxime de financiamento das achegas de natureza corrente que dende a Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde se efectúan a favor da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de xeito que as achegas de fondos finalistas se efectúen atendendo ao ritmo de execución dos gastos na axencia en cada un dos proxectos cuxo financiamento tamén é finalista, para o que se formalizou o devandito convenio.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

